

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2017.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de outubro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG- PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG- PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG- PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPIÑA (concelleiro non adscrito).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello PATRICIA COENCE ANTELO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13.09.2017.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 07.09.2017 AO 11.10.2017.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA ÁREA DE SANTIAGO.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DE EFECTOS NON UTILIZABLES.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA A GARAXES PARTICULARES.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017.

10º) MOCIÓNS.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13.09.2017.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 13.09.2017.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos trece membros presentes acorda a súa aprobación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 07.09.2017 AO 11.10.2017.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
07/09/2017	00151/2017	INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
07/09/2017	00152/2017	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTANZA.
11/09/2017	00153/2017	DECLARACIÓNS 111 E 303, AGOSTO 2017.
11/09/2017	00154/2017	BAIXA NO RECIBO DO LIXO DUN VECIÑO.
12/09/2017	00155/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/33.
12/09/2017	00156/2017	XERACIÓN DE CRÉDITO 18/2017.
12/09/2017	00157/2017	CONCESIÓN FLEXIBILIDADE HORARIA POR CONCILIACIÓN FAMILIAR.
13/09/2017	00158/2017	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SUBMINISTRO DE INSTALACIÓN CALDEIRA DE BIOMASA NA EEI DE OS ÁNXELES.
13/09/2017	00159/2017	BAIXA SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
13/09/2017	00160/2017	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 14/09/2017.
13/09/2017	00161/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/34.
13/09/2017	00162/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/35.
15/09/2017	00163/2017	PAGO DE GASTOS DE ASISTENCIAS A TRIBUNAIS DE SELECCIÓN.
15/09/2017	00164/2017	DECRETO PAGO GASTOS SS.SS. NÓMINAS ATRASOS MAIS PRODUTIVIDADE MES DE AGOSTO.
15/09/2017	00165/2017	DISTRIBUCIÓN BANCO ALIMENTOS.
15/09/2017	00166/2017	ALTA DUN VECIÑO NO PROGRAMA XANTAR NA CASA

15/09/2017	00167/2017	ORDENACIÓN PAGOS REC 02/2017.
18/09/2017	00168/2017	DEVOLUCIÓN AVAL HALCÓN VIAJES - VACACIÓNS TERCEIRA IDADE 2017.
18/09/2017	00169/2017	DEVOLUCIÓN AVAL HALCÓN VIAJES - VACACIÓNS TERCEIRA IDADE 2015.
18/09/2017	00170/2017	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
18/09/2017	00171/2017	DEVOLUCIÓN AVAL PROBISA - SUBMINISTRO MATERIAIS POS 2016 LOTE 2.
18/09/2017	00172/2017	INICIO EXPEDIENTE DE BAIXA POR INSCRICIÓN INDEBIDA NO PADRON DE HABITANTES.
18/09/2017	00173/2017	DEVOLUCIÓN FIANZA A UN VECIÑO.
18/09/2017	00174/2017	DECRETO ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA FOGOS DE ARTIFICIO SANTA MINIA 2017.
18/09/2017	00175/2017	DECRETO LIQUIDACION AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA AGOSTO 2017.
19/09/2017	00176/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN AXUDA A DOMICILIO AGOSTO 2017.
19/09/2017	00177/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS DA XGL 14/09/2017
19/09/2017	00178/2017	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA NAS REDES DE ABASTECIMENTO E AUGAS PLUVIAIS DE BRION: ALDEAS DE BOAVENTURA E TORRE, DO PMA 2016.
19/09/2017	00179/2017	DECRETO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO 2017.
19/09/2017	00180/2017	DECRETO AMORTIZACION ANTICIPADA POS+2017.
20/09/2017	00181/2017	DECRETO CONCESIÓN ANTICIPO A UN EMPREGADO.
20/09/2017	00182/2017	INCORPORACIÓN DE BENS AO INVENTARIO AO ABEIRO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN 2017.
22/09/2017	00183/2017	DECRETO LIQUIDACION RECIBOS LIXO ANUALIDADES 2015, 2016, 2017.
22/09/2017	00184/2017	ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA DUN VECIÑO.
22/09/2017	00185/2017	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018 NO CONCELLO DE BRIÓN.
22/09/2017	00186/2017	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
22/09/2017	00187/2017	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SUBMINISTROS DE TRES OBRAS DO POS + 2017.
22/09/2017	00188/2017	ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA DUN VECIÑO.
25/09/2017	00189/2017	SUSPENSIÓN DEPÓSITO DE BLOQUES DE PEDRA E INICIO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.
25/09/2017	00190/2017	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA DO CEIP DE PEDROUZOS.
28/09/2017	00191/2017	DEVOLUCIÓN INGRESOS A UNHA VECIÑA.
28/09/2017	00192/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/37.
28/09/2017	00193/2017	RELACIÓN FACTURAS F/2017/38.
28/09/2017	00194/2017	DECRETO NÓMINA MES DE SETEMBRO.
28/09/2017	00195/2017	DECRETO DE RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS.
28/09/2017	00196/2017	DECRETO RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS.
29/09/2017	00197/2017	AMPLIACIÓN DO SAF MUNICIPAL A UN VECIÑO.
29/09/2017	00198/2017	ALTAS NO PADRON DE HABITANTES MES DE SETEMBRO ANO

		2017.
29/09/2017	00199/2017	BAIXAS NO PADRON DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2017.
29/09/2017	00200/2017	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PARCIAL DE GASTOS DO GES PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN 2017.
29/09/2017	00201/2017	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA OUTUBRO 2017.
29/09/2017	00202/2017	REVOGACIÓN DO DECRETO NÚM. 195 POR ADVERTENCIA DE ERRO.
29/09/2017	00203/2017	ACTIVIDADES MAIORES CURSO 2017-2018.
02/10/2017	00204/2017	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA INSTALACIÓN DE ESTUFA DE PELLET NA ESCOLA UNITARIA DA LUAÑA.
02/10/2017	00205/2017	ADSCRICIÓN DUN TRABALLADOR Á OBRA DO POS + 2017 DE PISTAS DE NINÁNS.
03/10/2017	00206/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/39
03/10/2017	00207/2017	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - SETEMBRO 2017.
03/10/2017	00208/2017	APROBACIÓN CONFORMIDADE CO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS + 2017.
04/10/2017	00209/2017	BAIXA NO RECIBO DO LIXO DUN VECIÑO.
04/10/2017	00210/2017	BAIXA NO RECIBO DO LIXO DUN VECIÑO.
04/10/2017	00211/2017	SUSPENSIÓN DE USO E INICIO DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN CIRRO.
04/10/2017	00212/2017	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19/2017.
04/10/2017	00213/2017	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 05/10/2017.
04/10/2017	00214/2017	DECRETO AUTORIZACIÓN FESTAS DO PILAR.
05/10/2017	00215/2017	DECRETO DE APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA PARA APROL RURAL 2017.
05/10/2017	00216/2017	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DUN VECIÑO.
05/10/2017	00217/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/40.
06/10/2017	00218/2017	BASES XXXV CARREIRA POPULAR DA AMAIA.
09/10/2017	00219/2017	DECRETO DE ADSCRICIÓN DE MAQUINARIA A TAREFAS DE DESBROCE E LIMPEZA.
09/10/2017	00220/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS DA XGL 05/10/2017.
09/10/2017	00221/2017	AXUDA EMERXENCIA SOCIAL A UN VECIÑO.
09/10/2017	00222/2017	DECRETO PREMIADOS CARREIRA PEDESTRE DA AMAIA.
09/10/2017	00223/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO.
09/10/2017	00224/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA SETEMBRO.
09/10/2017	00225/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS AXUDA A DOMICILIO SETEMBRO.
09/10/2017	00226/2017	APROBACIÓN 1ª PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB DE PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE.
09/10/2017	00227/2017	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE INSTALACIÓN DE RADIADORES DE CALEFACCIÓN NA E.I. DE OS ÁNXELES A NOVAGAL INGENIERÍA Y RENOVABLES.

10/10/2017	00228/2017	ADXUDICACIÓN Á EMPRESA MINAS DE BANDEIRA SA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: ALDEA DE CORNANDA.
10/10/2017	00229/2017	ADXUDICACIÓN Á EMPRESA MINAS DE BANDEIRA S.A. DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: CORUXIDO-PIÑEIRO-GUNDIN-GUITIANDE.
10/10/2017	00230/2017	ADXUDICACIÓN Á EMPRESA MINAS DE BANDEIRA S.A. DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A OBRA DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: VICESO-ESPARÍS.
10/10/2017	00231/2017	DECRETO LIQUIDACION COMPLEMENTARIA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO
11/10/2017	00232/2017	TRANSPORTE SOCIAL METROPOLITANO
11/10/2017	00233/2017	RELACIÓN FACTURAS ENERXÍA ELÉCTRICA - XULLO 2017
11/10/2017	00234/2017	DECLARACIÓNS 111 E 303 - SETEMBRO 2017
11/10/2017	00235/2017	CONVOCATORIA PLENO E COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA ÁREA DE SANTIAGO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 09.10.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 17.10.2017, que transcrita di:

Visto o convenio de colaboración para a xestión do programa “Área Santiago” para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago e considerando que a realización de actuacións de promoción turística conxunta pode ser beneficiosa para o concello ao tentar conseguir uns resultados a un nivel máis amplo co que se pode conseguir a nivel municipal de xeito individual.

Vistos os informes de secretaría e intervención, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o convenio de colaboración para a xestión do programa “Área Santiago” segundo o texto que se incorpora como anexo a esta proposta.

2º) Nomear representantes deste concello na Comisión Mixta de seguemento, cumprimento e coordinación do convenio prevista na cláusula quinta do mesmo a José Luis García García, alcalde, e Yolanda Bouzas Alfonsín, 1ª tenente de alcalde.

3º) Facultar ao alcalde para asinar a convenio de colaboración.

Anexo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA “ÁREA SANTIAGO”

No Concello de Santiago de Compostela, a ___ de _____ de 2017

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes e Sras. alcaldesas dos seguintes concellos:

CONCELLO DE A ESTRADA

CONCELLO DE AMES

CONCELLO DE ARZÚA

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

CONCELLO DE BRIÓN

CONCELLO DE MELIDE

CONCELLO DE OROSO

CONCELLO DE O PINO

CONCELLO DE PADRÓN

CONCELLO DE ROIS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE SILLEDA

CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TOURO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VEDRA

CONCELLO DE VILA DE CRUCES

Todos e todas en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

Os/as reunidos/as actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. Nomeadamente, o apartado segundo do devandito artigo establece que “*O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*”

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños/-as. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 11.3.b) da Lei 40/2015, establece a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, buscando a xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxectivo de crear unha identidade e imaxe conxunta dos xeodestinos das terras de Santiago e do Deza-Tabeirós, faise necesaria a colaboración entre distintas administracións locais implicadas, coa finalidade de poder prestar en favor da veciñanza e dos operadores económicos da Área de Santiago un servizo que na actualidade se considera de grande valor como medio de mellora do desenvolvemento económico da mesma.

Quinto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida da veciñanza, sendo preciso neste momento realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten a xeración de programas de promoción que anteriormente se facían de forma independente.

Sexto.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a posta en marcha de programas públicos conxuntos, que neste caso se concreta no presente convenio para a xestión dun programa (“Área Santiago”), que permite a prestación de certos servizos de promoción turística arredor dunha marca e un programa concreto, de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os seus resultados máis eficientes.

Sétimo.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

Oitavo.- O día 8 de setembro de 2014, catorce dos dezasete concellos hoxe reunidos, asinaron un convenio con semellante finalidade e natureza, o cal veu dando importantes froitos tanto nas actividades de promoción turística conxunta como no obxectivo da eficiencia na xestión dos recursos. Polas devanditas razóns, 14 de aqueles catorce concellos, xunto cos outros tres que se incorporan, propóñense darlle continuidade a aquela experiencia para un novo período.

Noveno.- Por todo o anterior, os concellos asinantes ACORDAN a aprobación deste Convenio, que supón a súa integración no Programa “Área Santiago” o cal comprende a realización de accións de promoción conxunta, baixo unha mesma marca, dun plan de traballo orientado á difusión da imaxe turística dos xeodestinos nos que se integran os territorios dos 17 Concellos asinantes. O Convenio de Colaboración para a xestión do Programa “Área Santiago” rexerese polas seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do Programa “Área Santiago”, do que son partes os concellos de A Estrada, Ames, Arzúa, Boqueixón, Brión, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Segunda.- Ámbito territorial.-

O ámbito territorial do Programa “Área Santiago” será o correspondente ós concellos de A Estrada, Ames, Arzúa, Boqueixón, Brión, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

O ámbito territorial definido na presente cláusula poderá verse ampliado pola incorporación doutros concellos ao mesmo. A incorporación de novos concellos producirase mediante a sinatura do correspondente protocolo de adhesión, previa solicitude dirixida á entidade xestora do convenio, que lle dará traslado da mesma á Comisión Mixta.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Realizar a promoción turístico - económica dun programa de forma eficaz e eficiente.
- Minorar os custos antieconómicos de promover certos valores turísticos de forma illada.
- Ofrecer unha lectura territorial conxunta e coherente, máis aló dos límites municipais, imperceptibles para o turista.
- Dar resposta ás necesidades de promoción dos xeodestinos afectados mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles e optimizar os recursos preexistentes.

Cuarta.- Xestión do Programa Área Santiago.-

A xestión das actividades obxecto do presente convenio será realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación Local, S.A.” (Turismo de Santiago de Compostela), medio propio da devandita Administración, e incluírá todo o relacionado coa xestión, aspectos materiais, técnicos ou de servizo do programa “Área Santiago” (sexá tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia propia en materia de información promoción da actividade turística nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Debe determinarse un Catálogo de Condicións nas que se debe levar a cabo a xestión do Programa.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación polo concello encomendado - directamente ou a través dos seus medios propios- na forma que se sinala, das actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do Programa “Área Santiago”, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Legislativo 3/2011 de

14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido la Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo Concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación.-

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes/as, integrada por dous/duas representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos/-as dos mesmos.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes, e, cando menos, unha vez cada tres meses.

As súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión das actividades do Programa “Área Santiago”.
- Elaborar o orzamento anual do programa e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o mesmo.
- As propostas de modificación do Catálogo de Condicións do Programa “Área Santiago”, co establecemento das directrices básicas, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos ou o órgano que legalmente corresponda a cada Concello dacordo coa lexislación de Réxime Local.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta.- Catálogo de Condicións do programa Área Santiago.-

O presente Convenio incorpora como anexo III o Catálogo de Condicións do Programa “Área Santiago” xa consensuado e aprobado polo órgano que legalmente proceda dos Concellos signatarios do Convenio.

A modificación do Catálogo de Condicións esixirá a aprobación dunha proposta por parte da Comisión Mixta, así como a posterior aprobación en cada un dos órganos que legalmente procedan dos Concellos signatarios do Convenio.

Sétima.- Medios persoais e materiais.-

De ser o caso, cada concello sinalará en anexo ao presente convenio os medios persoais e materiais que adicará á realización das actividades materiais, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto do Programa “Área Santiago”.

Cada concello asumirá directamente a xestión das indemnizacións por razón do servizo así como outros gastos nos que podan incurrir os seus representantes na comisión mixta.

Oitava.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do Programa “Área Santiago” poderán solicitarse axudas á Xunta de Galicia, ás deputacións provinciais correspondentes, así como a calquera outra Administración ou institución con competencias en materia de turismo ou de desenvolvementos rural e rexional.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o Programa “Área Santiago” serán propostas pola Comisión Mixta e solicitadas polo Concello encomendado, os seus medios propios, ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos faranse constar expresamente na solicitude, de ser o caso, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento.-

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para un eficaz e eficiente funcionamento do Programa “Área Santiago”. Para este efecto habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo/a interventor/a ou secretario/a-interventor/a do concello correspondente no prazo de dous meses dende o inicio de cada exercicio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta. Os concellos asinantes fixan o orzamento do Programa “Área Santiago” para o exercicio 2017 en cincuenta mil euros (50.000,00 €). Nos exercicios sucesivos o orzamento do Programa non poderá superar nun vinte por cento o fixado para o exercicio anterior. Este límite do 20% so poderá ser superado no suposto de que se produzan achegas ou axudas froito de Convenios ou convocatorias de outras Administracións Públicas financiadoras.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do Programa “Área Santiago”.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do Programa e daralle traslado das mesmas a cada concello.

O reparto será de acordo co resultado da porcentaxe resultante de aplicar a media ponderada dos catro seguintes elementos: poboación, superficie, último orzamento municipal aprobado en pleno e prazas turísticas (capacidade aloxativa), calculados sobre as últimas cifras oficiais anteriores á do ano de aplicación, ao devandito reparto, e so para o exercicio 2017, seralle de aplicación unha prima compensatoria aos tres concellos que se incorporan a este Convenio e que non figuraron como signatarios no anterior ao que sucede. Esta prima ten por obxecto compensar os investimentos en medios e inmovilizado xa en funcionamento, así como a adaptación dos contidos de comunicación, promoción e redes ao novo ámbito territorial. No anexo II ao presente Convenio achégase o cadro de reparto correspondente ao exercicio 2017.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria, o cal deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, así como informe emitido pola xerencia da entidade de xestión do Convenio, co visto e prace do Presidente/a do seu Consello de Administración, que certifique o cumprimento da finalidade, con relación de gastos e declaración de axudas do exercicio anterior, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décima.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Por mutuo acordo das partes signatarias.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Por denuncia unilateral, con preaviso de tres meses.

A denuncia unilateral por parte dun dos concellos asinantes do convenio suporá que o mesmo cesará como suxeito das obrigas e dereitos xurdidos en virtude deste convenio. Esta circunstancia non afectará á continuidade da vixencia do convenio respecto do resto de concellos asinantes.

A renuncia a seguir formando parte do convenio por algún dos concellos deberá ser formalizada mediante acordo Plenario por maioría absoluta do seu número legal de membros.

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios materiais que tivese adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do convenio.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Décimo Segunda.-Natureza do convenio.-

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola Comisión Mixta quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable.-

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente.-

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdicional Contencioso - Administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, en tantos exemplares como partes o subscriben, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

ANEXO I: Cadro de reparto porcentual das achegas económicas por concello correspondentes ao ano 2017

CONCELLOS (17)	Poboación (INE 01-01-16)		Superficie (KM2) INE 2011		ORZAMENTO MUNICIPAL 2016 (Concellos)		Capacidade aloxativa (REAT Maio 2016)		%	ACHEGA 2017 50,000
		%		%		%		%		
A Estrada	20.891	8,57%	280,8	13,97%	12.625.000,00 €	6,00%	617	3,68%	8,06%	4.027,62 €
Ames	30.544	12,54%	80	3,98%	18.952.155,94 €	9,00%	141	0,84%	6,59%	3.294,94 €
Arzúa	6.211	2,55%	155,5	7,73%	5.575.980,00 €	2,65%	1.052	6,28%	4,80%	2.401,57 €
Boqueixón	4.291	1,76%	73,2	3,64%	3.256.142,44 €	1,55%	31	0,19%	1,78%	891,71 €
Brión	7.590	3,11%	74,9	3,73%	5.068.905,84 €	2,41%	161	0,96%	2,55%	1.276,18 €
Melide	7.488	3,07%	101,3	5,04%	6.266.971,09 €	2,98%	592	3,53%	3,66%	1.827,86 €
O Pino	4.653	1,91%	132,1	6,57%	3.758.661,66 €	1,79%	802	4,79%	3,76%	1.881,68 €
Oroso	7.420	3,05%	72,6	3,61%	6.370.962,10 €	3,03%	84	0,50%	2,55%	1.273,02 €
Padrón	8.581	3,52%	48,4	2,41%	8.291.246,36 €	3,94%	573	3,42%	3,32%	1.661,08 €
Rois	4.657	1,91%	92,8	4,62%	3.132.940,77 €	1,49%	99	0,59%	2,15%	1.075,77 €
Santiago de Compostela	95.966	39,39%	220	10,94%	102.750.788,83 €	48,81%	10.595	63,25%	40,60%	20.299,13 €
Silleda	8.734	3,58%	168	8,36%	6.963.169,22 €	3,31%	560	3,34%	4,65%	2.323,92 €
Teo	18.510	7,60%	79,3	3,94%	13.828.448,43 €	6,57%	930	5,55%	5,92%	2.957,78 €
Touro	3.703	1,52%	115,3	5,73%	3.247.099,46 €	1,54%	53	0,32%	2,28%	1.139,16 €
Val do Dubra	3.974	1,63%	108,6	5,40%	2.780.000,00 €	1,32%	38	0,23%	2,14%	1.072,48 €
Vedra	5.012	2,06%	52,8	2,63%	3.894.380,00 €	1,85%	173	1,03%	1,89%	945,74 €
Vila de Cruces	5.435	2,23%	155	7,71%	3.739.796,36 €	1,78%	249	1,49%	3,30%	1.650,36 €
TOTAL	243.660	100,00%	2.010,60	100,00%	210.502.648,50 €	100,00%	16.750	100,00%	100,00%	50.000,00 €

(*) o dato do orzamento municipal refírese ao aprobado en pleno ó inicio do exercicio, non á súa liquidación.

ANEXO II: Cadro de primas compensatorias a pagar polos tres Concellos que se incorporan ao Convenio:

CONCEPTO	importes	OBSERVACIÓNS
MAPA TURÍSTICO DA AREA SANTIAGO	2.500 €	
Folleto "Propuestas excursiones, visitas y fines de semana"	4.000 €	
Materiais Básicos Promoción (tarxetas, bolsas, roll-up/s, flyer, display)	4.000 €	
Guía de Turismo fluvial	2.900,00 €	
Revisión Guía de Turismo Fluvial	930,00 €	
Impresión Guía de Turismo Fluvial	1.890,00 €	
Renovación web	3.000,00 €	
Total	19.220 €	

	%	ACHEGA ORDINARIA CON		
		ACHEGA DE ENTRADA	ORZAMENTO 50.000	TOTAL
% Achega Ames	6,59%	1.266,60 €	3.294,94 €	4.561,60 €
% Achega Brión	2,55%	490,11 €	1.276,18 €	1.766,32 €
% Achega Teo	5,92%	1.137,82 €	2.957,78 €	4.095,66 €
Total achegas de entrada		2.894,53 €		

ANEXO III.- CATÁLOGO DE CONDICIÓNS QUE REXERÁN NA XESTIÓN DO PROGRAMA "ÁREA SANTIAGO"

Tal é como se aprobou no Convenio polas partes, o obxecto deste catálogo mesmo é fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento da promoción turística a realizar de forma compartida entre os Concellos, sen que por elo, cada un dos concellos que forman parte do mesmo perdan as competencias que lle son propias para a promoción turística do seu termo municipal.

En observancia do anterior, as partes proceden a fixar no presente documento, o Catálogo de Condicións que rexerán na xestión do Programa "Área Santiago", que serán as que seguen:

1. PRINCIPIOS BÁSICOS DE SOLIDARIEDADE, BENEFICIO COMÚN E LEALDADE.
Os principios fundamentais que rexerán as accións que comprendan a promoción de "Área Santiago" serán os de solidariedade, beneficio común e lealdade. Estes principios inspiradores rexerán en todo caso a colaboración, non podendo ser alegables polas partes outros principios que traten de minorar estes. Tal é como aparece reflectido na "Cláusula Terceira.- Obxectivos da colaboración", en todo momento debe ofrecerse unha lectura

territorial conxunta e coherente, máis aló dos límites municipais, imperceptibles para o turista.”

2. **NECESIDADE DE ASUMIR UNHA LECTURA TERRITORIAL CONXUNTA.**
Sendo o anterior así, todos e cada un dos Concellos de “Área Santiago” colaborarán nos proxectos conxuntos aínda cando os destes non supoñan un beneficio directo e tanxible sobre o territorio dalgún deles en concreto.
3. **OBRIGATORIEDADE DE COMPARTIR INFORMACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO.**
En todo caso, os Concellos de Área Santiago teñen a obriga de informar ao grupo do Programa “Área Santiago” das súas estratexias de promoción turística individual, de forma que o grupo poida telas en conta e integralas do mellor xeito posible no Programa “Área Santiago”.
4. **COMPROMISO NA PUBLICIDADE DO PROGRAMA POR PARTE DOS SEUS MEMBROS.**
Os Concellos asinantes do convenio comprométese a facer, na medida das posibilidades, permanente mención do Programa “Área Santiago” nas súas promocións turísticas individuais.

No mesmo sentido, e co fin de reforzar a imaxe da promoción do Programa “Área Santiago”, o logotipo/mención específica do devandito Programa deberá estar presente como mínimo nas webs municipais e/ou turísticas dos concellos participantes, e tamén en cantos outros materiais e soportes se considere oportuno. No caso das webs, o logotipo (ou no seu caso banner específico) deberá estar enlazado á web www.areasantiago.es

5. **LEALDADE NAS COMUNICACIÓNS AOS MEDIOS.**
Na comunicación social a través dos medios, o grupo de concellos que compón o Programa “Área Santiago” rexerá polo principio de lealdade, de xeito que as comunicacións sobre as accións do Programa responderán ás estratexias previamente pactadas polo grupo e non poderán erixirse os Concellos en voceiros individuais ou comunicar aos medios de xeito singular e descoordinado.
6. **PARIDADE E RACIONALIDADE NAS APARICIÓNS EN PRENSA.**
Nas roldas de prensa e presentacións conxuntas aos medios de comunicación, establécese un turno alfabético para ordear a presenza dos Alcaldes/as e/ou Concelleiros/-as nas mesmas, que os Concellos deben respectar na medida das posibilidades. Sen embargo, en casos de interese especial, como as accións sobre temáticas específicas, a Comisión Mixta decidirá cal/es é/son o/s Concello/s que mellor representan ao Grupo en cada caso. (por exemplo, se unha acción está relacionada co Camiño de Santiago, non tería sentido que a representasen, por exemplo, aqueles Concellos polos que actualmente non pasa ningún Camiño dos recoñecidos oficialmente, aínda que lles tocasse por orde alfabética).

Con respecto ao anterior, o Grupo considera que nas roldas de prensa de formato tradicional (en sala de prensa) a presenza na mesa e a correspondente intervención debe limitarse a un máximo de tres ou catro representantes públicos (preferiblemente Alcaldes/as ou persoa en quen deleguen), un ou unha dos membros da mesa debe ser sempre un/unha representante do concello onde se desenvolva a rolda de prensa. Nembargantes, co fin de amosar o apoio ás iniciativas do Grupo, é desexable que ás roldas asistan todos/-as aqueles representantes públicos/-as que o desexen, que non terán voz nin presenza na mesa principal, pero si aparecerán nas fotos de grupo, que son as que se distribuirán prioritariamente aos medios de comunicación.

7. **PRESIDENCIA DO GRUPO.**

A Presidencia do Grupo correspóndelle ao alcalde ou alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, por ser este o que asume a encomenda material, confluindo ademáis nesta persoa a presidencia do Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A., (entidade de xestión do Convenio) circunstancia que permitirá axilidade tanto á hora de tramitar contratos con provedores como convenios e axudas con outras Administracións Públicas.

8. COMISIÓN MIXTA.

Con independencia das normas coas que se dote este órgano para o seu funcionamento ordinario, a Comisión Mixta reunirse cada vez que sexa convocada pola súa presidencia, pola representación de cinco concellos ou pola Secretaría Técnica Permanente. A asistencia ás reunións da Comisión Mixta son unha obriga para os Concellos parte no convenio. En caso de ausencia xustificada, poderán delegar o sentido do seu voto por escrito nos representantes de outro Concello ou na propia Secretaría Técnica Permanente.

As reunións da Comisión Mixta serán de presenza física, se ben, cando así se acorde na convocatoria, porque a natureza dos asuntos a tratar o permitan e ningún dos Concellos membros se opoña con carácter previo, poderanse adoptar acordos da Comisión Mixta sen sesión, mediante votación por escrito.

Cada un dos Concellos, na mesma sesión na que se aprobe o Convenio, deberá acordar o nomeamento da representación do Concello na Comisión Mixta, que deberá conformarse, ademáis de polo alcalde/sa, por un/ha concelleiro/a e un/ha técnico/a municipal.

9. SECRETARÍA TÉCNICA PERMANENTE E COORDINACIÓN.

Co obxecto de acadar a máxima eficacia na xestión, establécese unha secretaría técnica permanente, cun buzón único, que será así mesmo a encargada da coordinación do Grupo, incluíndo as reunións da Comisión Mixta e a redacción das correspondentes actas. Esta secretaría técnica permanente poderá estar externalizada, se así o acorda a comisión Mixta, nunha entidade privada prestadora de servizos. Na contratación desta Secretaría Técnica Permanente seguiranse as obrigas e procedementos esixidos pola lexislación en materia de Contratación Pública.

10. FUTURAS ADDENDAS.

A Comisión Mixta poderá desenvolver e ampliar este Catálogo de Condicións mediante a adopción de acordos, para desta forma facilitar a axilidade e eficiencia no funcionamento do Grupo. Calquera acordo de desenvolvemento do Catálogo de Condicións que sexa contradictorio co espírito e a literalidade deste, esixirá a súa aprobación por parte de todos os Concellos membros do Programa Área Santiago en pleno, cos mesmos requisitos esixidos no Convenio para a aprobación deste Catálogo de Condicións.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DE EFECTOS NON UTILIZABLES.

Dada conta da proposta da alcaldía do 21.09.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 17.10.2017, que transcrita di:

Visto o informe da arquitecta municipal do 4 de xullo de 2017 onde se describen os seguintes bens gardados nos almacén e recintos municipais:

1. Camión para canteira marca DODGE modelo 4220.

Data de matriculación: 23-02-79.

Matricula: Or-7628-d.

Nº de bastidor: 8bs2038050.

Km: > 500.000 km.

Valoración: 1.000 euros, IVE incluído.

2. Pala cargadora marca CALSA modelo 740.

Data de matriculación: 13-08-84.

Matricula: C-75351-VE.

Nº de bastidor: 3208712.

Horas de traballo: 15.282 horas.

Valoración: 2.000 euros, IVE incluído.

3. Pisón marca FLOSAN modelo T-12.

Referencia: 79-T-12-67.

Nº de motor: 3241496

Nº de Chasis: 79-I-12-67.

Horas de traballo: non visible.

Valoración: 250,00 euros, IVE incluído.

4. Pisón "grande" marca sen identificar.

Referencia: non visible.

Nº de motor: non visible

Nº de Chasis: non visible.

Horas de traballo: 3.724 horas

Valoración: 1.500 euros, IVE incluído.

5. Furgoneta marca FORD modelo TRANSIT bus15. Motor diésel 2,5 DI. Potencia 70 CV. Caixa de 5 velocidades. Tacógrafo. Cunha capacidade para 15 persoas.

Matricula C-3719-AW.

Km: 218.429 km.

Valoración: 500 euros, IVE incluído.

Total valoración dos bens: 5.250 euros, IVE incluído.

Segundo o informe técnico sinalado resulta que esta maquinaria leva tempo sen ser utilizada, dado o seu mal estado e deterioro, polo que se atopa almacenada ocupando espazo nas naves e recintos do concello, e considerase axeitado dala de baixa, facéndose unha valoración para os efectos da súa venda.

Considerando que os bens sinalados se encontran inscritos no inventario municipal e o artigo 7 do Regulamento de bens das entidades locais sinala que se clasificarán como bens patrimoniais as parcelas sobrantas e os efectos non utilizables e que se considerarán efectos non utilizables todos aqueles bens que polo seu deterioro, depreciación ou deficiente estado de conservación resultaren inaplicables aos servizos municipais ou ao normal aproveitamento, atendida a súa natureza e destino, aínda que os mesmos non foran sido dados de baixa no inventario.

Resultando que estes bens non prestan ningún servizo, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar os bens referenciados como efectos non utilizables posto que polo seu deterioro, depreciación ou deficiente estado de conservación resultan inaplicables aos servizos municipais e dalos de baixa no inventario de bens do concello que xurdirá efectos coa rectificación anual do inventario de bens do concello a data 31.12.2017.

2º) Que se tramite expediente para a súa venda.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 25.09.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do Concello, en sesión do 17.10.2017, que transcrita di:

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo Pleno de 30 de xuño de 2009, levou acabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento rematou a súa vixencia no exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

Este concello nestes últimos anos fixo un esforzo e apostou polo mantemento dos servizos que viña prestando, xa que as medidas recollidas nas últimas reformas legislativas tendentes a delimitar o sistema competencial municipal (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local) non se están a implantar nos prazos establecidos. Os concellos seguen a prestar servizos para os que debe garantirse a sustentabilidade financeira aos efectos de continuar coa súa prestación.

Por todo o exposto propónse a modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que consistirá no incremento do coeficiente a aplicar sobre as cotas pasando do 1,18 ao 1,19.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015 (con corrección de erros publicada o 30.12.2015) e 15.12.2016, nos seguintes termos:

- Modificar o texto do art. 8, apartados 1 e 3, que pasan a ter a seguinte redacción:

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,19 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

TARIFAS

a) Turismos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
a.1	De menos de 8 cabalos fiscais	15,02 €
a.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	40,56 €
a.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	85,61 €
a.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	106,64 €
a.5	De 20 cabalos fiscais en diante	133,28 €

b) Autobuses

	Potencia e clase do vehículo	Cota
b.1	De menos de 21 prazas	99,13 €
b.2	De 21 a 50 prazas	141,18 €
b.3	De máis de 50 prazas	176,48 €

c) Camións

	Potencia e clase do vehículo	Cota
c.1	De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	50,31 €

c.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	99,13 €
c.3	De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	141,18 €
c.4	De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	176,48 €

d) Tractores

	Potencia e clase do vehículo	Cota
d.1	De menos de 16 cabalos fiscais	21,03 €
d.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	33,05 €
d.3	De máis de 25 cabalos fiscais	99,13 €

e) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

	Potencia e clase do vehículo	Cota
e.1	De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	21,03 €
e.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	33,05 €
e.3	De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	99,13 €

f) Vehículos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
f.1	Ciclomotores	5,26 €
f.2	Motocicletas ata 125 c.c.	5,26 €
f.3	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	9,01 €
f.4	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	18,03 €
f.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	36,05 €
f.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	72,09 €

3. No caso de que nas leis de presupostos do Estado se modificara o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,19 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas leis de presupostos estatais.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 09.10.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do Concello, en sesión do 17.10.2017, que transcrita di:

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo Pleno de 30 de xuño de 2009, levou a cabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento rematou a súa vixencia no exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes, o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

Así mesmo no que se refire ao servizo de recollida de lixo os ingresos derivados da taxa pola prestación do servizo resultan insuficientes para cubrir os custes do servizo, polo que aos efectos de que resulte sustentable, considerase necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa

hixiene urbana, modificación que consistirá no incremento das tarifas nun 3% para vivendas en un 5% para o resto.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015 e 15.12.2016.

- Modifícase o Anexo:Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

ANEXO: TARIFAS

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
	Euros
Epígrafe 10.-Vivendas:	90,70
Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	24,66
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	23,49
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	19,46
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	17,83
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 190,49 euros)	16,20
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	5,34
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 190,49 euros)	16,20
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 111,34 euros)	9,85
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 106,29 euros)	7,91
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 532,66 euros anuais)	46,53
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 458,26 euros).	16,20
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	395,63
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m ²	197,83
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	
120000 De Categoría de Luxo	870,44
120001 De Categoría 1ª	791,30
120002 De Categoría 2ª	642,93
120003 De Categoría 3ª	514,28
120004 De Categoría 4ª	385,77
Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	692,41

120101 De Categoría 1ª	544,03
120102 De Categoría 2ª	445,13
120103 De Categoría 3ª	217,60
Concepto 1202: BARES	
120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	791,30
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	177,96
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	148,39
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES	791,29
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	494,57
120401 Os demais	247,29
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e Cines con local pechado	336,33
120501 Teatros e Cines con local aberto	98,91
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata 10 empregados	
120700.00 De 1 empregado	156,74
120700.01 De 2 a 4 empregados	235,11
120700.02 De 5 a 7 empregados	313,49
120700.03 De 8 a 10 empregados	391,84
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	626,96
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1253,97
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2290,51
120704 Máis de 100 empregados	4565,87
Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m ²	2351,17
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m ² e 120 m ²	470,23
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m ² e 60 m ²	313,49
120801.03 Con superficie inferior a 60 m ²	156,74
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Pescaderías e carnicerías, verdulerías e froiterías	156,74
120802.01 Os demais establecementos	118,69
120803 Mercados Centrais de Maioristas:	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais Maioristas	3222,83
120803.01 Por cada posto modular	465,18
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVICIOS.	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	939,69
Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servizo, por surtidor (ata un máximo de 592,08 euros)	197,82
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m ² de superficie	417,22
121001 Dende 500 m ² ata 1000 m ² de superficie	835,62
121002 Máis de 1000 m ² de superficie	1252,87
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	247,29
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	118,69

Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	37,37
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	118,69
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
	Euros
Epígrafe 20.-Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,30 euros.	0,04
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 4,18 euros.	0,06
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 46,87 euros).	0,15
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS	
	Euro s
Epígrafe 30.-Limpeza	
Por cada m ² de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 58,75 euros):	0,04
Epígrafe 31.-Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 46,87 euros):	0,15
Concepto 3101: Por cada m ³ de residuos inertes, euros (cun mínimo de 46,87 euros):	15,50
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS	
	Euros
Epígrafe 40.-Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	35,02
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	72,33
Concepto 4002: Pola retirada de camiións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	179,34
Epígrafe 41.-Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,82
Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	4,45
Concepto 4102: Camiións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	9,48
NOTA 1ª.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
NOTA 2ª.-No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.-As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.	

TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
	Euros
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	122,77
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	3,98
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
	Euros
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	
Concepto 6001: Por cada m ² de limpeza e de retirada de carteis	27,35
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	27,35
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	15,66
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.-Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	24,19
Epígrafe 71.-Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	77,48
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K	
A cota tributaria será o resultado de aplica-lo número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.-Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	68,61
Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servizos, por cada hora ou fracción	31,43
Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	19,33
NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	
Epígrafe 81.-Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen conductor, euros:	31,43
Concepto 8102: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	19,34
Epígrafe 82.-Desprazamentos	
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,29
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,43
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón

provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.10.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do Concello, en sesión do 17.10.2017, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2016 a agosto de 2017, que é do 1,60%, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015 e 15.12.2016.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,585 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,764 €/ m ³

1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,143 €/ m ³
-----	---	-------------------------

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,431 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,473 €/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,570 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	200,61	258,35	309,45
1"	216,22	272,86	321,08
1 ¼ "-1 ½"	260,11	317,34	365,59
2 "	309,53	365,57	414,40

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A) incremento € por m	9,31	10,91	15,59	26,17
(B) incremento € por m	20,54	22,18	26,80	37,39
(C) incremento € por m	24,73	25,65	30,93	41,46

Epígrafe 4. Contadores

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	82,20 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	104,17 €/ud.

Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. ,válvula antirretorno e pezas de conexión.	183,13 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación)

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	56,42 €/ud.
Ø 15 mm	56,42 €/ud.
Ø 20 mm	78,37 €/ud.
Ø 25 mm	127,68 €/ud.
Ø 30 mm	178,47 €/ud.
Ø 40 mm	276,71 €/ud.
Ø50 mm	604,57 €/ud.
Ø 65 mm	749,46 €/ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,25 €/ ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	28,61 €/ ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA A GARAXES PARTICULARES.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.10.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do Concello, en sesión do 17.10.2017, que transcrita di:

Este concello aprobou no ano 1998 unha ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares, que foi publicada no BOP do 18.02.1998, con modificación posterior publicada no BOP do 20.12.1999.

Como consecuencia do paso do tempo esta ordenanza quedou desfasada tanto polo que fai referencia aos importes, que nunca se actualizaron, como ao propio texto da ordenanza, posto que incluso fai referencia a un prezo público, cando se trata dunha taxa, polo que resulta necesario facer unha modificación do seu texto.

Ao mesmo tempo resulta necesario proceder a unha actualización mínima dos importes dado o tempo transcorrido e igualmente clarificar outros conceptos como o pagamento do importe da placa que facilita o concello, establecendo agora na ordenanza fiscal que o importe da mesma se entende incluído no importe da liquidación inicial da taxa xunto coa liquidación da autorización, de xeito que non exista contradición coa ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, pois é na ordenanza fiscal onde deben estar regulados os aspectos referentes á xestión da taxa.

Por todo o anteriormente exposto confeccionouse unha nova ordenanza que responde a estes obxectivos, e que derrogará coa súa entrada en vigor a ordenanza anterior.

Visto o expediente tramitado e o informe de intervención, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares, cuxo texto é o seguinte:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

De conformidade co disposto no artigo 20.1 A) do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, pola entrada de vehículos a través da vía pública a que se refire o art. 20.3.h) do TRLRFL e que se rexerá pola presente ordenanza fiscal que atende ao previsto no artigo 57 do TRLRFL e na ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación deste para a entrada de vehículos a través da vía pública.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o art. 35 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os beneficiarios.

Artigo 4. Cota tributaria.

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante de aplicar as seguintes tarifas:

a) Por concesión de aproveitamento a pagar por unha soa vez: 63,00 euros.

b) Entrada de vehículos en vivendas unifamiliares, por metro liñal e ano: 6,00 euros.

c) Entrada de vehículos en garaxes comunitarios, locais, almacéns e resto, por metro liñal e ano: 9,00 euros, multiplicados polos seguintes coeficientes, segundo o caso:

- De 2 a 9 prazas: coeficientes que van do 1,2 ó 1,9, segundo o número de prazas. (Exemplo: un garaxe de 5 prazas e tres metros de entrada sería: $9,00 \times 3 \times 1,5 = 40,50$ euros)

- De 10 a 19 prazas: coeficientes do 2,0 ó 2,9 (Exemplo: garaxe de 15 prazas sería $9,00 \times 3 \times 2,5 = 67,50$ euros)

- De 20 a 29 prazas: coeficientes do 3,0 ó 3,9

- De 30 a 39 prazas: coeficientes do 4,0 ó 4,9

- De 40 a 49 prazas: coeficientes do 5,0 ó 5,9

Cando o número de prazas exceda de 49 irase calculando a taxa por tramos de dez en dez e multiplicando polo coeficiente que corresponda. O coeficiente calcúlase de acordo coa seguinte fórmula: $\text{coeficiente} = (\text{n}^\circ \text{ de prazas} + 10) / 10$.

Dentro do importe da taxa que se liquida coa concesión da autorización se entende incluído o importe da placa que subministra o concello aos interesados.

Artigo 5. Período impositivo e devengo.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, xa que, neste caso abranguerá desde a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.

2. A taxa se devenga o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irreducibles, agás nos casos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local no que a data de solicitude non coincida co ano natural, no que prorratearase por semestres a partir da aprobación da solicitude polo órgano municipal competente.

3. Así mesmo, e no caso de cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por semestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cesamento.

Artigo 6. Normas de xestión.

1. Os interesados na obtención dunha autorización para utilizar privativamente ou para o aproveitamento especial do dominio público local para a entrada de vehículos a través das vías públicas, deberán presentar unha solicitude nas oficinas xerais do concello, cubrindo o modelo establecido, que se lles facilitará nas devanditas oficinas.

2. Neste impreso especificarase o lugar exacto da ocupación e se fará unha descrición desta.

3. Coa solicitude iníciase o expediente, inscrición no rexistro de vados e informe sobre a viabilidade desta ocupación.

4. Os servizos técnicos e policía local do concello comprobarán as solicitudes presentadas e informaranas propoñendo a concesión ou denegación da autorización de ocupación.

5. Coa concesión da autorización practícarase a liquidación da taxa, e non se poderá utilizar o sinal de reserva ata tanto non se xustifique o pagamento da débeda tributaria.

6. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada anualmente mentres o interesado non presente declaración de baixa ou sexa revogada polo concello, de acordo co que se

estableza na ordenanza municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 7. Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións será aplicable segundo dispón o artigo 11 do TRLRFL a regulación contida nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición derogatoria.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza quedará derogada a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares publicada no BOP do 18.02.1998, con modificación posterior publicada no BOP do 20.12.1999.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto definitivamente aprobado no BOP, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Función Pública referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

10º) MOCIÓNS.

Aprobase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia da seguinte moción:

10.1. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSG-PSOE, PARTIDO POPULAR, BNG, E CONCELLEIRO NON ADSCRITO, PRO DEVOLUCION DO PAZO DE MEIRÁS.

Dada conta pola alcaldía da moción conxunta que transcrita di:

O 18 de xullo de 1936 prodúcese una sublevación militar contra o goberno da II República que desemboca nunha guerra civil. Algúns dos territorios do Estado, como foi o caso galego, caen desde os primeiros días baixo o control dos sublevados, comezando, en palabras de Maruja Mallo, a "era do terror, os encadeamentos inxustificadas, os fusilamentos sen formación de causa, as matanzas en masa".

Os sublevados substituirán ás autoridades civís e militares republicanas, dando lugar a unha nova elite no plano político, social e empresarial na cidade da Coruña. Serán estas novas elites as que en marzo de 1938 decidan agasallar unha residencia de verán a quen nesas alturas do conflito civil daban xa como vencedor e, xa que logo, inminente Xefe do Estado. As razóns son varias, mais a principal é obvia: procurar os favores dun ditador ao que terían acceso directo durante as súas estancias estivais.

Para a xestión da compra crean una Junta que denominarán Pro Pazo del Caudillo, decidindo establecer unha nova subscripción para o financiamento da operación, mais cunha diferenza coas que viñan funcionando na Coruña nese momento. Esta non era para o financiamento das necesidades bélicas franquistas, senón para o beneficio privado e particular do líder dos sublevados.

Ese órgano estará formado polos alcaldes da provincia da Coruña, sendo habitual que os da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Sada e Betanzos representen a administración municipal. A Deputación da Coruña e o Goberno Civil da Coruña completarán a representación da administración.

En maio dese mesmo ano a Junta Pro Pazo remite unha circular a todos os concellos da provincia ordenando a constitución de Juntas locais para efectuar a recadación casa por casa.

A pesar da presión exercida e do importe recadado, a Junta Pro Pazo dá por fracasada a subscripción a finais de 1939. O fracaso estará condicionado por unha recadación que non acadou as expectativas, mais, sobre todo, polos condicionantes que a partir do anuncio de adquisición do Pazo irán poñendo os Franco. O condicionamento sobre a propiedade, xa que esta non pasou a titularidade pública e as melloras e ampliacións sucesivas que se encargan antes aínda da entrega protocolaria do inmovible o 5 de decembro de 1938.

Será nese período cando se executen importantes obras tales como a construción dunha nova rede de abastecemento de auga sobre a existente e dotación ao pazo de todo tipo de servizos, construción dos muros exteriores, axardinamento da finca, construción de pistas interiores, traslado da area da Praia de Mera (Oleiros) para ornamentación da explanada fronte ás torres e unha pista interior, entre outras moitas.

Entre esas obras condicionadas directamente polos Franco estará a ampliación da propiedade, coa incorporación das terras limítrofes, propiedade de labregos da parroquia. A extensión da superficie orixinal pasará de 5,7 a 9 hectáreas.

A pesar de que existan referencias de transferencias dos concellos ata o ano 1940, o certo é que a finais de 1938 a Junta Pro Pazo dá por fracasada a subscripción e ten que definir novas fontes de financiamento para satisfacer as incesantes peticións de mellora. Nunha reunión celebrada no Goberno Civil da Coruña adoptan o acordo de establecer un repartimento proporcional entre todos os concellos da provincia da Coruña tomando como base a súa capacidade industrial e comercial, regulamentada pola contribución, sendo o tipo mínimo o 5%.

A partir de 1939 comezan a realizarse transferencias dos concellos da provincia da Coruña, sendo os casos máis singulares os do Concello da Coruña, que transfere das arcas municipais 25.000 pesetas, e a Deputación da Coruña, que transfere 15.000 pesetas.

Tras os actos de toma de posesión do Pazo celebrados o 5 de decembro de 1938, Franco encargará novas obras de mellora e a liquidación e extinción da Junta Pro Pazo como órgano xestor, que Franco dará por rematadas en 1945.

Despois de 80 anos de abusos e impunidade compre tomar partido pola defensa da devolución gratuita do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno do Concello de Brión os seguintes acordos:

1º) Integrarse na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin e lograr a incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

2º) Rexeitar a xestión por parte da Fundación Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás. Apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione. Expresar o apoio corporativo aos acordos do pleno da corporación municipal de Sada do pasado 12 de agosto. Condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.

3º) Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais á modificación da Lei de fundacións co obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.

4º) Apoiar a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público, para converter este espazo nun centro destinado a divulgar, difundir e contribuír a coñecer a memoria histórica, os valores da paz e a democracia.

5º) Instar aos grupos parlamentarios da cámara galega a elaborar e aprobar unha Lei galega da memoria histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o ensalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao Pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG.

Primeira: Recibimos dende o noso grupo municipal as reclamacións dalgúns veciños no referente a difícil accesibilidade a fibra óptica nos seus domicilios, sobre todo nas zonas máis

rurais. Entendemos que o problema non é exclusivamente do noso concello nin mesmo responsabilidade do grupo de goberno, mais sería posible instar as compañías subministradoras a unha maior rapidez e eficiencia a hora de facer chegar tal recurso á maior parte da nosa poboación. Entendemos que hai outras opcións mais como non son nin tan eficaces tecnoloxicamente falando nin de acceso a todo o mundo.

O Sr. Alcalde sinala que isto é un rogo e que trataremos por suposto de que se faga así.

Segunda: Hai moitas aldeas do concello onde existen máis cables por riba das casas que mesmo casas. Sabemos da dificultade do soterramento de todos e cada un dos cables que temos por riba noso mais hai lugares onde a situación é francamente desagradable, contribuíndo ao feísmo. Rogamos ao equipo de goberno valore a posibilidade de, dado que pagamos facturas considerables e desproporcionadas moitas veces, facer chegar unha "instancia" ás compañías a que na medida do posible se faga un estudo e valoración da posibilidade de arranxar aquelas zonas posibles.

O Sr. Alcalde sinala que trato que as eléctricas soterran iso.

Terceira: Fai uns meses a Deputación da Coruña enviou un escrito a todos/as os/as alcaldes/alcaldesas solicitando a adhesión e participación na Xunta Pro Devolución do Pazo de Meirás, xunta que vai ter un plenario o vindeiro 30 de outubro. Datos que posiblemente o Sr. Alcalde xa coñeza de primeira man a través da Deputación. A cuestión que desexa saber o noso grupo, e antes de presentar unha moción que igual non fora necesaria, e saber se o noso concello vaise adherir a este equipo de traballo coa finalidade de traballar conxuntamente con outros organismos nunha tarefa necesaria en pos de recuperar e traballar no que é xusto e de xustiza como é o espolio de parte do noso patrimonio por parte dunha familia e unha fundación pro-fascista.

O Sr. Alcalde sinala que isto está xa tratado coa moción aprobada neste Pleno.

Cuarta: A principios do presente ano, en referencia aos orzamentos do actual exercicio, o equipo de goberno en palabra do alcalde comprometeuse a facernos achegar os orzamentos para o vindeiro exercicio cunha anticipación maior da que normalmente dispoñemos os grupos da oposición a fin de poder facer un estudo mellor e achegas que puideran considerarse entre todos. Rogamos pois, agora que aínda estamos a tempo, en canto sexa posible e teñan os primeiros informes se nos fagan chegar. Penso que sería de agradecer e contribuiría a un mellor traballo construtivo.

O Sr. Alcalde sinala que isto é un rogo e que os orzamentos van retrasados por non existir orzamentos do Estado.

Quinta: Cumprimento da Lei de memoria histórica. Mesmo ser un tema que o noso grupo municipal ven traendo con certa regularidade a este pleno, é o noso desexo saber como está na actualidade a aplicación desta lei, sobre todo no referente á simboloxía que aínda existe en determinado patrimonio.

Sinala o Sr. Alcalde que supoño que se refire á placa de Viceso, xa veu a este Pleno, dirixímonos ao Arcebispado de Santiago, e dixo que ía facer estudos e poñerse en contacto coas persoas afectadas.

En abril de 2009 volveu o asunto e respondemos o mesmo, que é unha cuestión delicada porque hai familiares desas persoas que aínda viven, que hai que actuar con tacto; o concello non pode retirala directamente, e eu propoño volverlle a reiterar esta solicitude ao arcebispado que o procure facer da maneira máis correcta.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o arcebispado para as subvencións si que espabila; que había que facer un recoñecemento á paz, non á guerra, de todos os caídos e que en Bastavales hai outra moi semellante á de Viceso, está un pouco máis oculta e envellecida polo paso do tempo e fai referencia aos caídos pola patria.

O Sr. Alcalde sinala que se trata de causar a menor dor posible aos familiares, e que reiteráraselle o escrito ao arcebispado para que fagan o que poidan e que está nas súas mans.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González